



International
Handball
Federation

Área: Comité Arbitral

Circular nº 14 - Temp. 23/24

INTERPRETACIÓN DE REGLAS





“Balonazo ós/ás porteiros/as”

VIDEO EXPLICATIVO

Achegamos link do vídeo explicativo da IHF (International Handball Federation) en relación ás situacións de “balonazo ós/ás porteiros/as e poder así definir un criterio nas decisións arbitrais, desde o Comité Galego Arbitral.

<https://youtu.be/afrBK9erDYs?si=yVB33zkNiWO9NuCK>

OBXECTIVOS

-  Evitar sancións inxustas en colaboración cos xogadores/as que actúen como porteiros/as (xogo limpo sin enganar).
-  Facer entender que os/as lanzadores/as son responsables de evitalo.
-  Sancionar soamente cando os/as colexiados/as teñan o 100% de seguridade do impacto.
-  Evitar sancións disciplinarias, con traballo preventivo cando se producen lanzamentos próximos que non se sancionan disciplinariamente.

EXPLICACIÓN E TOMA DE DECISIÓN

Na liña de protexer a integridade física dos/as porteiros/as, será de aplicación sancionar con 2'D (Regra 8:8d) ao lanzador ou lanzadora no caso de que o balón golpee a cabeza do porteiro/a directamente e por conseguinte, indicarse golpe franco en contra do lanzador que se executará desde dentro da área de portería, tras o correspondente tempo morto (time-out) para proceder á sanción disciplinaria.

Teñen que darse as seguintes condicións:

- Non existir defensores entre o lanzador ou lanzadora e o porteiro ou porteira.
- Que a primeira parte do corpo na que impacta o balón sexa a cabeza.
- Que a traxectoria do balón modifíquese despois do impacto coa cabeza, aínda que o lanzamento entrase na portería.

Ademais do exposto, debemos aclarar que non hai sanción se:

- O lanzamento golpea calquera outra parte do corpo e despois a cabeza.
- Golpea o traveseiro ou os postes e despois a cabeza.
- O lanzamento é coa oposición dun defensor ou defensora que provoque golpe franco ou 7M a favor do atacante.
- O lanzamento prodúcese con defensores entre o lanzador ou lanzadora e o porteiro ou porteira.

CONSIDERACIÓNS IMPORTANTES

- No caso de que o porteiro ou porteira queira enganar aos/as árbitros/as simulando nun impacto que non sexa directo na cabeza, debe deterse o tempo de xogo e sancionar da mesma maneira ao porteiro ou porteira.
- Nos lanzamentos que se contacte de forma insuficiente para decidir golpe franco ou 7M a favor do lanzador e o balón impacte directamente na cabeza do porteiro ou porteira tamén conlevará sanción disciplinaria para o lanzador.
- Cando se ten que deter o tempo de xogo para atender a un porteiro ou porteira por un impacto na cabeza que non supón sanción, tampouco conlevará “tres ataques fora” para o porteiro ou porteira.



En Vigo a 20 de outubro de 2023